



# A crianza que sabe sentar

Lois Ferradás Blanco  
Carlos Santos

Artigo

Novembro 2006

## Resumo

*A medida que os bebés van acadando as súas primeiras conquistas, van dando pasos iniciais no desenvolvemento da súa autonomía persoal.*

*Cando consegue levar o seu dedo polgar á boca, é un logro importante que significa para a crianza a posibilidade de consolarse cando o necesita; quere dicir tamén que xa pode decidir, sempre que o desexe, coller un obxecto próximo para miralo, ulilo, chupalo, e chegar a coñecer desta maneira que interese ten aquel obxecto para el.*

*Con cada conquista, o bebé vai ampliando enormemente as súas posibilidades de interacción co seu contorno e as súas posibilidades de acción de forma cada vez máis autónoma.*

**Palabras Chave:** Autonomía persoal, identidade, control da postura, gateo, exploración do contorno, xoguetes

### Aprender a través da boca

¿Por que ten tanta importancia o acto de chupar?

Aparte de que hai que saber chupar para alimentarse ben, sábese que unha “xusta ración de chupadas” é esencial para o desenvolvemento dos nenos e nenas; venlles moi ben chupar o polgar ou o chupete.

### Do polgar a un obxecto polo que ten aprecio

A necesidade de chupar varía moito dun bebé a outro, hai algúns que botan moito tempo chupando no polgar e outros que o fan moi pouco.

Xa ben entrado no seu primeiro ano, a crianza pasa frecuentemente de chupar o seu polgar, capaz de aplacar esta necesidade de consolo, a chupar un obxecto determinado: un osiño, un anaco de manta vella,... que lle produce moito gozo coa súa presenza; aínda que a súa ausencia é causa de angustia.

A actividade de chupar o polgar ou outro obxecto por parte dos nenos e das nenas pequenos/as é unha actividade dotada dun contido emocional moi gratificante.

### ¿Temos motivos para impedirles chupar?

O feito de chupar o polgar é algo natural, e non é certo, como nalgunha ocasión se ten comentado, que esta acción produza malformacións do padal.

O feito de que algúns nenos e nenas continúen chupando o polgar cando xa teñen seis ou oito anos ten outras causas; non ten nada que ver con este costume típico da primeira infancia.

Non hai, pois, razóns válidas para non lle deixar chupar ás crianzas; tanto para atopar consolo, como para coñecer a natureza das cousas que ten entre mans.

É moi importante que tódalas persoas que coidan da crianza estean de acordo, para que non lle cheguen mensaxes contraditorias, como que uns/unhas lle permitan chupar o dedo e outros/as non.

### ¿Con que xogamos?

Trataremos a continuación, algúns aspectos relacionados co material para o xogo de nenos e nenas que saben estar sentados, pero que aínda dependen das persoas maiores para desprazarse.

Estes obxectos de xogo son utilizados polo bebé para satisfacer a súa curiosidade innata e a súa crecente capacidade de utilizar as mans.

Os nenos e nenas desta idade desexan obxectos accesibles cos que poder experimentar. As crianzas queren: ver ben os seus “xoguetes”, collelos, telos nas mans e chupalos, pasalos dunha man a outra, ulilos, lambelos, sacudilos, facelos rodar, abrílos e pechalos, encheos con outro material e baleiralos.

Arredor dos nove meses, a crianza adquirirá a capacidade de coller os obxectos co índice e o polgar dunha man; despois da conquista desta habilidade virá o interese polas cousas máis pequenas. Para escoller os obxectos adecuados, ademais da necesidade que sexan lavables e que non sexan perigosos, hai que considerar a súa superficie, a súa cor, o seu peso, as súas dimensións e as súas formas.

### A caixa dos tesouros

Trátase de dispor dunha caixa ou contedor accesible para os nenos e nenas, que conteña os seus “tesouros”; podería ter forma de cofre aínda que non é necesario. Unha solución que resulta moi atractiva para os meniños e meniñas, e ao mesmo tempo funcional, é o cesto de vimbio: un cesto baixo, duns 33cm de diámetro, con fondo plano.

Os obxectos que pode conter, poderían ser arredor duns 50. A continuación amósanse algúns exemplos:

#### Obxectos de goma, tela, pel e ante



#### Obxectos de papel e cartón



#### Obxectos que se atopan na natureza

Piñas  
 Croios non moi pequenos  
 Cunchas  
 Cabazos pequenos, secados ao sol  
 Sementes gordas  
 Pedra pómez  
 Tapóns de cortiza de distintos tamaños  
 Plumas grandes  
 Esponxas



#### Obxectos de madeira

Mazas moi lixeiras  
 Caixas de distintos tamaños  
 Pandeiretas con aro de madeira  
 Chifres de cana  
 Castañas  
 Figuras xeométricas de distintos tamaños  
 Pelotiñas  
 Carretes de fíos  
 Aneis de cortinas  
 Pinzas da roupa



#### Obxectos metálicos

Culleres de distintos tamaños  
 Espremedores  
 Pitos  
 Chaves  
 Moldes pequenos de pastelería  
 Tapas de tarros  
 Campaiñas  
 Axóuxeres  
 Espelliños metálicos  
 Triángulos  
 Coador



#### Obxectos feitos de materiais naturais

Pelotas de la  
 Cestiños de distintas formas  
 Aneis de óso  
 Calzadores de óso  
 Cepillos de dentes\*  
 Brochas de barbear\*  
 Pinceis\*  
 \* Só de serdas naturais



### Obxectos variados e estimulantes

Cómpre que as cousas que poñamos ao alcance dos nenos e nenas sexan de materiais distintos. Estaremos atentos á súa recollida para a caixa ou cesto dos tesouros, e a mantelos coidados e limpos. Moitas veces as crianzas xogan con obxectos que atopan ao seu redor de forma gozosa e considéranos os seus auténticos “tesouros”. O importante, cando decidimos incorporalos como materiais de xogo, é que supoñan unha fonte de estímulo e gozo para os nenos e nenas, e que non lles supoñan perigo algún.



Os obxectos que son só de plástico, polo xeral, ofrécenlles ás crianzas experiencias sensoriais pouco variadas, polo que espertan pouco interese nelas, a non ser que incorporen outros estímulos sensoriais (sonoros ou luminosos principalmente).

### Coordinación cerebro, man, obxecto, boca

Se observamos como se acerca o bebé a estes obxectos, vemos que cando xa é capaz de estar sentado durante algún tempo, entón vai pasando da fase de metelo todo na boca a telos na man e observalos. Preocúpase neste momento de controlar mellor os brazos e mans; despois descobre os dedos dos pés e intentará chupalos. Deitado/a boca abaixo, empezará a utilizar as mans e os dedos dos pés, (terá que estar descalzo/a) para empuxar o corpo cara adiante. Nun principio quizais se desprazará cara atrás, porque lle é máis doado empuxar coas mans que cos pés, pero tamén se moverá xirando en redondo, especialmente se lle atrae algún xoguete que lle parece que poderá alcanzar; este será o

incentivo que o/a empuxará a efectuar os primeiros movementos. No seu esforzo, a crianza será sostida polo apoio moral do adulto, que lle fará ver que cerca está o obxecto que lle atrae. Cómpre sinalar a pertinencia de lle ofrecer aos nenos e nenas un chan de moqueta que lles faga máis doados este movementos.

### Os primeiros pasos

A tendencia a poñer de pé aos bebés, antes de que estean preparados para facelo por si solos, é un costume moi habitual entre as persoas maiores. Ás veces, parece como se os intentos da crianza por andar ou ir a gatas, lles causase certa inquietude; a verdade é que para o bebé esta é xa unha conquista e quere practicala e perfeccionala o máximo posible.

Os temores, sobre posibles efectos nocivos do gateo nos nenos e nenas (dificultades ao camiñar, malos hábitos relacionados coa postura,...), non teñen ningún fundamento. Cada fase do desenvolvemento da crianza require o seu tempo, distinto en cada caso, e ten que producirse en condicións seguras, co apoio constante que as persoas maiores lle poden ofrecer.

Unha das razóns máis interesantes para que deixemos á crianza ir a gatas todo o tempo que queira, é que estando no chan non corre perigo de caer. Os músculos e ósos de todo o corpo gañan en fortaleza e bríndaselles a posibilidade de acadar maior confianza en si mesmos e maior autonomía.



### Cara ao dominio do corpo

¿Como se pode desenvolver da mellor maneira a fase seguinte: andar? A medida que a criatura aprende a dominar os seus movementos, intentará cada vez con máis frecuencia poñerse en pé, sempre que atope cerca os apoios adecuados. E despois de alcanzar esta posición, dará algúns pasiños arrastrándose e sempre firmemente agarrada. Para o bebé esta nova habilidade será motivo de grandes satisfaccións, así que se sentirá estimulado a exercitarse, a atopar sempre un maior dominio e seguridade.

### Referencias

Preescolar na Casa: “Cadernos de Preescolar na Casa”, 34. Lugo <<http://www.preescolamacasa.org>>

### Cita recomendada

Ferradás Blanco, Lois; Santos Mato, Carlos (2006): “A crianza que sabe sentar”. Chupeta. Xunta de Galicia. Vicepresidencia. [Data de consulta:dd/mm/aa]. [dirección web <http://>]



Esta obra está baixo a licenza Recoñecemento – Non comercial – Obras derivadas baixo a mesma licenza 2.5 de Creative Commons. Pódeas copiar, distribuír e comunicar publicamente sempre que especifique o seu autor e a Xunta de Galicia; non a utilice para fins comerciais; pode facer obras derivadas e distribuíla cunha licenza coma esta. A licenza completa pódese consultar en <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/2.5/deed.gl>.